

O'Rourke, Bernardette (2011): *Galician and Irish in the European Context: Attitudes towards Weak and Strong Minority Languages*. Hampshire & New York: Palgrave Macmillan. 185 pp. ISBN: 978-0-230-57403-8.

Galician and Irish in the European Context é unha interesante contribución de sociolingüística comparada que toma como referencia as situacións de Galicia e Irlanda para analizar as actitudes lingüísticas cara a linguas febles e fortes. Quizais a primeira reflexión que xorde do volume é a consideración do que se consideran linguas febles e fortes, en particular cando a comparanza se realiza entre o galego e o gaélico irlandés. Neste sentido, O'Rourke é consciente de que as dúas teñen fortalezas, no caso do irlandés o status constitucional e no

do galego a fortaleza demográfica. A dificultade radica en que tanto o un coma a outra non son absolutas, dado o pouco proveito obtido nas últimas décadas da presenza do irlandés na súa Constitución e maila diminución do galego na dimensión interxeracional.

Tanto desde a perspectiva galega como comparada, o libro de O'Rourke enche un baleiro existente na comparanza destas dúas situacións lingüísticas. E, por outra, contribúe a incrementa-la visibilidade do galego na literatura sociolingüística internacional, en particular en lingua inglesa. Só por iso, deberíamos xa congratularnos da súa aparición.

Ademais, desde a perspectiva galega o volume está ben informado e realiza unha lectura con moita información elaborada desde o noso país, aínda que como sucede adoito dá maior presenza a uns autores e tendencias interpretativas. En todo caso, considéranse tanto as investigacións de corte cuantitativo como cualitativo, malia a énfase estar na elaboración de análises globais e de conxunto que permitan a necesaria xeneralización e, xa que logo, a comparación entrámbalas situacións.

O volume consta de cinco capítulos máis unha sección de conclusións. No primeiro deles, e logo da introdución, revísanse as principais discusións teóricas e metodolóxicas existentes no eido das actitudes e das ideoloxías lingüísticas, conceptos para os que non existe unha definición universal.

Outro dos termos introducidos neste capítulo inicial lida coa capacidade predictiva dos usos lingüísticos. Naturalmente, a autora non logra resolve-lo dilema de ata que punto actitudes altamente positivas poden desembocar en acción secundaria beneficiosa cara a esa lingua, dado o poliédrico mundo en que viven os individuos multilingües. O que resulta evidente é que as actitudes positivas cara á lingua minorizada supoñen un apoio indiscutible á actuación institucional ó seu favor: a presenza institucional do galego é amplamente refrendada pola poboación de Galicia.

Outro elemento importante da análise é se as actitudes cara ó uso simbólico da lingua, e mesmo de apoio solidario ós seus falantes,

entran en conflito co que Bourdieu denomina *capital lingüístico*. Tamén se enfronta a autora á discusión entre métodos directos e indirectos de medi-las actitudes lingüísticas, así como á dicotomía *cuantitativo vs. cualitativo*. Neste terreo, recoñecendo pros e contras de cada opción, O'Rourke opta por unha perspectiva multidimensional que combine os diferentes puntos de vista. Esta opción metodolóxica será tamén a escollida pola autora no capítulo final do seu libro, en que combina análises cuantitativas dun inquérito propio co debullamento cualitativo de gravacións súas sobre actitudes.

O capítulo dous tenta analiza-las orixes e causas da minorización lingüística irlandesa e galega a través do estudo dos contextos socio-históricos respectivos, comezando polas épocas máis temperás, para as que no caso irlandés establece como límite o ano 1600 e no galego o inicio dos séculos escuros. Tampouco existe concorrencia temporal no proceso de substitución lingüística, que no caso irlandés ten lugar ó longo do século XIX e no galego acontece ó longo do XX. O que si teñen de común estas (e outras) situacións é que, como consecuencia dos cambios sociodemográficos, a lingua maioritaria pasa a ser elemento de avance social. En canto ás causas, no exemplo irlandés cúlpanse o sistema escolar, os estamentos católicos e a lamentable herdanza deixada polo líder independentista Daniel O'Connell (abraza-la lingua maioritaria faranos mellores, pensaba el). Aínda así, estes factores son considerados por O'Rourke unha simplificación que esquece a importancia do declive no prestixio lingüístico do irlandés e a súa vinculación ó atraso social, a pobreza e a 'falta de sofisticación' do campesiñado ou a puxanza formidable da veciña lingua inglesa. Dun xeito ou doutro, no censo de 1926 só o 18 por cento na República de Irlanda falaba aínda gaélico. Aínda que a análise é en parte extrapolable ó caso galego, en ningún momento da nosa historia a porcentaxe de galegofalantes chegou a ser tan baixa, quizais porque o declive de falantes comezou máis tarde. Esta semellanza entre o trasfondo social dos dous procesos de substitución lingüística obri-

ga a tomar en consideración diferentes claves e procesos. En caso contrario, non entenderíamos por qué aínda no primeiro terzo do século pasado existían falantes de galego 'por necesidade' mentres tal situación era xa descoñecida en Irlanda.

O papel do nacionalismo e os movementos de activismo lingüístico é outro dos elementos de análise, e discútense tanto os beneficios duns e outros coma os novos estigmas e a resistencia que xorde como consecuencia desas forzas activistas. Quizais se bote en falta unha maior atención a algúns aspectos do período galego máis contemporáneo, así como unha referencia ó impacto do nacionalismo irlandés en Galicia, sobre todo en tempos da Xeración Nós.

O capítulo tres aborda cuestións de política lingüística e a súa conexión coa reversión da substitución dos idiomas propios de Irlanda e Galicia. A autora asume que sempre existe un proceso de política lingüística polo menos implícita tendo lugar e que existen dominios clave para altera-las percepcións negativas sobre a lingua, como a administración pública, os medios de comunicación e o sistema educativo. Así mesmo, O'Rourke advirte dos potenciais efectos negativos que a planificación do corpus pode ter cando produce novas formas de alienación e inseguridade entre os falantes da lingua xa existentes. Na área da lexislación, a situación irlandesa resulta un tanto paradoxal, na medida en que a declaración dun idioma como oficial (mesmo a través da Constitución) e a retórica correspondente non necesariamente garanten o seu uso: os feitos e as accións son tan importantes coma as palabras.

Por outra banda, unha das importantes diferenzas entre os casos galego e irlandés radica no establecemento en 1922 das *gaeltacht* ou áreas xeográficas gaélico-falantes, onde este idioma comezou a ser obxecto dunha especial atención con actuacións lingüísticas particulares.

Así mesmo, despois de mostra-la especificidade hispánica dos termos *normalización* e *normativización*, O'Rourke trata a coñecida dependencia da planificación do status respecto

ó dominio educativo, unha preocupación central –ás veces obsesiva– dos activistas e tamén dos gobernos. En todo caso, o interese pola educación serve de espello da importancia deste sector para a configuración das conciencia e aspiracións sociais dos cidadáns, razón pola cal a súa aplicación espertou nalgún momento os temores de sectores sociais minoritarios pero ruidosos tanto en Irlanda como en Galicia (curiosamente nos dous casos erguendo a suposta bandeira da liberdade lingüística). A razón subxacente é sen dúbida un medo de certa parte da sociedade: que muden as regras da mobilidade social. En conxunto, sinálanse dous erros no cálculo da planificación do status da lingua galega: sobreestima-la forza dos galegofalantes rurais e non ter considerado as diferenzas territoriais (rural-urbano).

A política inicialmente favorecedora do irlandés, entre 1920 e 1960 aproximadamente, sufriu un retroceso posterior, o que levou a unha desinstitucionalización da lingua e tamén a un debilitamento das escolas gaélicas, coa inestimable colaboración do Language Freedom Movement (como se ve, a apropiación do termo 'liberdade' non é exclusiva do contexto ibérico). Todo isto contribuíu a que a República de Irlanda non solicitase para o gaélico o estatus de lingua oficial de traballo ó ingresar na UE en 1973, *annus horribilis* en que tamén se aboliu a súa obrigatoriedade no exame de reválida da escola secundaria, debilitando así a necesidade de coñece-la lingua no sector público. O xurdimento de novos grupos de base pro-gaélico a partir desta época parece indicar que as sinerxias a favor ou en contra nunca son procesos estáticos nin definitivos senón máis ben un eterno abalar ying-yang. Así o confirma a aparición de novos medios de comunicación e novas iniciativas educativas nas décadas de 1990 e 2000, incluída a nova Lei de Linguas Oficiais de 2003, que non carece de beneficios engadidos para o irlandés. Oxalá movementos de reacomodación semellantes estean xerando espazo para a revitalización do galego tralos movementos telúricos contrarios ó noso idioma xurdidos a partir de 2005, e que as placas teutónicas se poidan reacomodar no seu bene-

ficio. En opinión de O'Rourke, a politización do debate lingüístico galego, a pesar dos efectos negativos, podería axudar a fomentar outros debates sociais como os existentes arredor do desemprego, a pobreza ou os servizos sociais.

No capítulo catro búscase coñece-los efectos das políticas lingüísticas sobre as actitudes da poboación dos dous países. No caso de Irlanda, os datos sociolingüísticos máis consistentes e continuados proceden do Censo de poboación, fonte case única de información ata a década de 1970, mais o seu enfoque é coñecelo dominio do irlandés; noutras investigacións de menor amplitude as actitudes lingüísticas recibiron atención destacada, mentres parece que os estudos irlandeses sobre os niveis de uso teñen sido residuais. Entrementres, no caso de Galicia reconécese que a fonte máis completa de información para o período contemporáneo é o Mapa Sociolingüístico de Galicia (MSG), aínda que tamén as últimas edicións do Censo de Poboación, nas que se inclúe información sociolingüística. Dos datos do MSG deduce O'Rourke un relativo éxito das políticas lingüísticas previas, ó subliñaren un relativo apoio do proceso de normalización da lingua nos ámbitos públicos, máis concretamente a superación dos prexuízos expresos e a estigmatización do galego, así como un forte apoio ás políticas de promoción do idioma. Porén, tamén se reconece a existencia de prexuízos latentes que teñen que ver co imaxinario colectivo.

Dos datos irlandeses dedúcese que só unha minoría utiliza o gaélico nos seus intercambios comunicativos na casa, o traballo e a comunidade: o cinco por cento considérao o seu idioma principal e outro dez por cento idioma ocasional. A familia non contribúe á reprodución lingüística e como consecuencia a escola é o referente principal, pero unha vez que os individuos chegan á idade adulta o declive é notorio. Este nivel tan precario de uso está igualmente relacionado con non existir unha comunidade lingüística homoxénea senón unha serie de redes de falantes máis ou menos difusas, o que é válido nos últimos tempos mesmo para as *gaeltacht*. Por esta ra-

zón, algúns autores teñen establecido 20 anos como límite para a existencia destas como comunidades gaélicas de seu.

Neste contexto, a vitalidade demográfica e social do galego é substancialmente maior. Naturalmente, a maior proximidade estrutural entre galego e castelán facilita o uso do primeiro aínda que non sexa a lingua do interlocutor, mentres no caso gaélico se non se coñece o idioma o cambio ó inglés devén inevitable. Por outra banda, mentres a capacidade para fala-lo idioma é no galego superior ó 90 por cento, no caso irlandés non chega ó 10 por cento.

Dada a dificultade para comparar datos relativos a actitudes lingüísticas nas dúas situacións, no capítulo cinco O'Rourke aplicou un mesmo inquérito nas cidades de Dublín e Vigo, tomando como base unha mostra da poboación escolar formada por 815 irlandeses/as e 725 galegos/as, triangulando esta información con datos cualitativos procedentes tanto de entrevistas en profundidade como de grupos de discusión. Aínda que a mostra de poboación é limitada, ó restrinxi-lo estudo á poboación escolar permitiu polo menos unha certa comparanza sistemática entre as dúas comunidades. Os resultados mostran diferenzas moi considerables a favor da situación galega: o nivel de competencia na lingua propia e a actitude de apoio ó futuro do idioma son tres veces superior en Galicia; o apoio á transmisión interxeracional e a valoración da lingua como parte da identidade son o dobre e a confianza na difusión social do idioma propio é dez veces superior. En canto ó vínculo coa identidade, as diferenzas son menores, aínda que sempre favorables ó galego.

A pesar do declive do ensino en gaélico, Irlanda ofrece a posibilidade de ensino monolingüe no idioma propio, cousa que paradoxalmente non é posible no caso galego. Por outra banda, detéctase a aparición de novos estigmas, como o efecto negativo que produce a vinculación entre lingua e política, quizais de forma máis dramática en Irlanda pola existencia de referentes, mesmo violentos, no pasado. Como consecuencia, o castelán en

Galicia e o inglés en Irlanda convértense na opción 'neutra' e non-marcada para falantes sen compromisos coas causas autóctonas.

Como vemos, moitos destes debates resultan plenamente familiares no contexto galego e outros tórnanse relevantes a pouco que adoptemos unha perspectiva minimamente comparada. Tal comparanza non sempre resulta doada, xa que datos e reflexións conectadas están espalladas ó longo de partes distintas do volume. O'Rourke tentou estruturala súa visión en diferentes capítulos arredor de eixos temáticos complementarios. Debemos agradecerlle en todo caso o seu enorme esforzo de síntese e a capacidade para situalo debate nunha perspectiva máis ampla e completa que abra novas vías de análise e interpretación. Por todo isto, o lector galego verase grandemente estimulado con este volume e a comprensión da nosa situación sociolingüística substancialmente incrementada na perspectiva internacional.

Gabriel Rei-Doval